

***PEQUENA SERENATA NOCTURNA  
4º MOVIMENTO***

**MOZART**

# DATOS TÉCNICOS DA OBRA:

- **Título completo da obra:** Pequena Serenata Nocturna; 4º movimento.
- **Autor:** Wolfgang Amadeus Mozart.
- **Ano da composición:** 1787
- **Período musical:** Clasicismo.
- **Forma musical:** Rondó de sonata.
- **Funcionalidade:** Disfrute da música.
- **Versión escoitada:** Rondó allegro 1V movemento

# BIOGRAFÍA DO AUTOR

Mozart naceu o 27 de xaneiro de 1756 na cidade de Salzburgo e morre o 5 de decembro de 1791 na cidade de Viena. Foi un compositor e pianista austríaco, maestro do clasicismo e considerado un dos músicos máis influíntes e destacados da historia da música.

Na súa infancia en Salzburgo, mostrou unha capacidade prodixiosa no dominio de instrumentos de teclado e de violín. Con tan só 5 anos xa compoñía obras musicais e as súas interpretacións eran de aprecio para a aristocracia e a realeza europea. Aos 17 anos foi contratado como músico na corte de Salzburgo, pero a súa inquietude levouno en busca dunha mellor posición, sempre compoñendo de forma prolífica. Durante a súa visita a Viena no 1781, tras ser despedido do seu posto na corte, decidiu instalarse nesta cidade onde alcanzou a fama que mantivo o resto da súa vida. Nos seus anos finais, compuxo moitas das súas sinfonías, concertos e óperas máis coñecidas. As circunstancias da súa temprana morte foron obxecto de numerosas especulacións e elevadas á categoría de mito.



# Obras musicais

A produción sinfónica e instrumental de Mozart consta de: 41 sinfonías; varios concertos (27 para piano, 5 para violín e varios para outros instrumentos); sonatas para piano e violíns e para outros instrumentos que constitúen pezas clave da música mozartiana; música de cámara (dúos, tríos, cuartetos e quintetos); adagios, 61 divertimentos, serenatas, marchas e 22 dúas óperas.

Mozart empezou a escribir a súa primeira sinfonía en 1764, cando tiña 8 anos de idade. Esta obra está influída pola música italiana, ao igual que todas as sinfonías que compuxo ata mediados da década de 1770, época na que alcanzou a plena madurez estilística. O ciclo sinfónico de Mozart conclúe cunha triloxía de obras maestras formado por tres sinfonías compostas en 1788.

Con respecto a súa produción operística, despois dalgunhas obras “menores” chegaron os grandes títulos a partir de 1781: **Idomeneo rey de Creta (1781)**; **El rapto en el serrallo (1782)**, a primeira gran ópera cómica alemá; **Las bodas de Fígaro (1786)**, **Don Giovanni (1787)** e **Così fan tutte** (1790), escritas as tres en italiano con libretos de Lorenzo da Ponte; **La flauta mágica (1791)**, na que se reflexan os ritos e ideais masónicos, e **La clemencia de Tito (1791)**.

Compuxo numerosas arias de concerto de gran calidade, moitas das cales foron usadas en óperas de outros compositores a modo de encargo.

# Análisis musical

Eine Kleine Nachtmusik é unha das composicións máis populares de Mozart. Está datada en Viena o 10 de agosto de 1787, coincidindo coa composición da ópera Don Giovanni. A pesar de iso, non se sabe para quen ou por que Mozart a compuxo. Orixinalmente está escrita en cinco movementos dos cales so se conservan catro. A súa instrumentación é a habitual de un conxunto de cámara: dous violíns, viola, chelo e un contrabaixo.

A obra en sí trátase dunha serenata en sol maior. O que imos analizar é o cuarto e último movemento da obra. Trátase de un rondó de sonata. É o final de Pequeña Serenata nocturna e retona coa viveza do primeiro movemento. Altérnase entre dous temas durante a exposición. No desenvolvemento entre ambos temas modúlase a través de varias tonalidades e remata en sol menor. Normalmente ten unha estrutura A-B-A-C-A, isto quere dicir que o tema principal (A) se alterna cos demais temas (B e C). Os temas retornan na recapitulación e remata nunha coda, na cal o primeiro tema retorna.

A modo de recuperar completamente a credibilidade despois do baixón do movemento anterior, a última parte da obra é rápida, alegre, imaginativa e moi movida. Consta de dúas partes nas que o estribillo sempre está presenta e cunha variación moi marcada na segunda. Áxil e dinámico, con un acompañamento sen fisuras, remata cunha remodelación da melodía principal, que percute ata que acaba de forma solemne e brillante.

# Opinión crítica

Ao investigar sobre a obra en diversas fontes de investigación aparecía que non se sabe o porqué de que Mozart compuxera esta obra e por iso creame certo misterio, porque se descoñece a razón que levou a Mozart a realizala. Tamén me chamou a atención outra curiosidade, e é que existía un minuet que ocupaba o lugar do segundo movemento, pero desapareceu. O cuarto movemento ao escoitala transmite alegría e tranquilidade debido a que esta escrita en sol maior, ademais do seu ritmo rápido.

[Interpretación do IV movemento](#)